

2 EN PROFUNDIDADE

Francisco Carballo, na fronteira do eclesial e no corazón do debate social


A través dalgúns textos, intervencións, conversas e memorias inéditas, o texto fai unha aproximación en primeira persoa á poliédrica personalidade deste presbítero ilustrado de Maceda, que naceu en 1925 e finou en Salamanca en 2014.

O poder mediático está a impoñer como denominación de todo núcleo menor o de aldea. Quedan relegados os lugares, os casais e os vilares como inexistentes. Pois non, eu son dun lugar da parroquia de Asadur, nas terras de Maceda. Un lugar que resiste. Ao meu lugar chameille "niño de reiseños": tiña forno común, peto de ánimas, regueiro con xuncos, xilgaros, merlos, escola, veiga, augas limpas e bebedoiros para o gando. Veu o falanxismo nos anos 40 e colocou no medio do meu lugar unha fonte coa súa simboloxía e tamén unha pia. O tardofranquismo e o fraguismo dinamitaron o mundo rural milenario da Galiza; o exterminio do Noso País a prol dunha globalización selectiva.

No seminario pasamos moito frío. Tiñamos fame, enfermidades graves, roupa improcedente, carencia de hixiene e dureza de trato. Así como nas aldeas había autoconsumo, en Madrid había pura subsistencia. Agora ben, a fame era máis soportábel porque estaba no ambiente. Daquela época os uns monxes con hábitos de cregos e uns estudantes de vellos pergameos como na Idade Media. Prohibíronos cultivar a amizade. A relación co mundo exterior era nula. Anos de arrasamento da espontaneidade, que axudaron a ter un aspecto de país no estilo francés do século XVII.

Ordeneime sacerdote en xullo do 49 na catedral de Cuenca. Levaba oito anos sen poder visitar a familia en Celeirón. Ofrecinme para ir ás misións da India. Decidiron que me asentase en Madrid. Quería ser matemático pro licencieime en Historia; o primeiro paúl con estudos superiores en España. Exercín como director técnico no San Narciso de Marín. Fun o superior no San Vicente de Paúl de Barakaldo. Organice un colexio ao día; un proxecto relixioso compartido, cunha apertura ao País Vasco. O meu mellor feito histórico. Alí contactei co independentismo. Como reitor do teologado en Salamanca abrí xanelas. Procurei unha revisión consonte os parámetros do Concilio Vaticano II. Foron oito anos de reformulación mental e de salto do modelo cristián medieval-contrarreformista ao paradigma Ilustración-modernidade. No 73 regresei a Galiza con 48 anos, inseríndome no colectivo de curas obreiros de Vigo, na procura da inculturación da Igrexa galega.

Dende a primeira publicación sobre o Santuario dos Milagres do Monte Medo en 1963, fun imprimendo textos de contido relixioso. Tamén sobre a nosa historia e sobranceiros do Noso País. Fun xulgado porque apareceu no libro *Historia de Galicia* (1979), que a policía española "asasinou" a Moncho Reboiras. No orixinal eu puxen "abateu". Cando me deron o Premio "Bos e Xenerosos" da AELG, en San Domingos de Bonaval en 2012, advertín que Galiza é obxecto dun experimento para destruír as bases da súa identidade. Denunciar o presente e o pasado desa destrución, dende os Trastámara até hoxe, é o obxectivo principal



Francisco Carballo, na biblioteca de A Nosa Terra.

que deben ter os historiadores. Somos un país ao que se lle quere impoñer unha cultura allea, destruindo a que o propio país xera. O meu traballo entendino como unha escola liberadora, porque a historia foi moitas veces o grande instrumento de dominación dos poderosos. Agora ben, tamén pode ser un instrumento de crítica ao poder.

Nas eleccións do 15 de xuño do 77, entrei na

primeira liña política, ao presentarme ao Senado como candidato da coalición BN-PG, pola circunscrición de Ourense. Unha experiencia inesperada e impactante. No mitin no que participei en Maceda, afirmei que na miña familia non había autoodio. Sempre me sentín feliz polo feito de ser galego. Insisto en todos os foros nos que participo que non debemos ter medo. Temos que

XAN CARBALLA

loitar pola nosa dignidade. Navegar a contracorrente e liberarnos. Debemos crear outro mundo máis igual, máis pacífico, menos delirante. Gañemos colaboradores. Galiza é un país grande con moitas posibilidades. Non perdamos a esperanza.

FE E NACIÓN

Ao pouco de establecerme en Vigo entrei nunha célula clandestina da UTEG, o xermolo do sindicalismo en clave nosa. Logo multiplicárase na INTG e, máis tarde, no que hoxe é a CIG Ensino. Ese foi o meu camiño de entrada na actividade política. Colaborei nas loitas a prol do galego e polas reivindicacións laborais. Paralelamente conectei con Comisións Labregas. Titulei aquela intensa estadía de 20 anos en Vigo, "na fronteira do eclesial e no corazón do debate social": unha inmersión global na sociedade. A miña inclusión nas candidaturas nacionalistas fíxome ser coñecido e participar máis no entramado social. A actividade política non me enche como podería, porque a legalidade eclesiástica, absurda e fóra de tempo, non me permite unha total entrega a algo que me daría máis capacidade de acción. Isto sérvelle de pretexto aos reaccionarios para non prestixiar as miñas outras participacións.

Nada máis chegar a Vigo fun inscribirme na Asociación Cultural; unha das máis politizadas e vixiadas. Tiña pouca actividade e servía de plataforma aos nacionalistas. No 73 predominaba a UPG. Logo aceptei a presidencia e aportei durante seis anos diversas iniciativas. No 92, con 67 anos, comezo unhas memorias. Nesa altura vivo nun status orixinal. Pertenzo á comunidade dos Paúles de Marín. Traballo en ANT como colaborador. Son o presidente da empresa e coordino a colección Historia de Galiza de ANT Edicións. Participo en Irimia, imparto cursiños, colaboro en revistas científicas, fago recensións de libros e sigo investigando.

Gusto moito da flor que aromatiza o cheiro podre da miseria e abre a corola á luz. O libro de *Conversas* (ANT, 2002) remateino dicindo que son galego de nación; cristián por convición; rezo: "Xesús, marana ta; ven, Señor. Amo a miña Patria, Galiza; o seu mar salobre dos poemas de Manuel Antonio e Eduardo Blanco Amor; a liberdade da Estirpe que di Méndez Ferrín; a esperanza dun pobo enaltecido por Rosalía e Castelao. Levo nos ollos a melancolía de Virxilio, de Bernanos, dos dramas procelosos de Sófocles e Shakespeare. Espero a "hora" da verdade, a ti que es a verdade. Abba Pater; a hora de voltar. Amén.

Compilado por Santiago Prol.
Investigador e autor con Xan Carballa do libro *Conversas con Francisco Carballo*



Francisco Carballo, nunha cea de *A Nosa Terra* en 1982.

Unha das lendas populares sobre a formación do pedregal de Irimia, en Meira, onde nace o río Miño, fala dunha meiga vella que habitaba aquelas paraxes practicando ritos ancestrais no medio da serra. En Meira había un mosteiro, e os monxes reclamaban dereitos e décimos sobre as terras que habitaba a meiga, mesmo querían apropiarse delas. Un día os monxes subiron á serra para tomar posesión das terras, a meiga recibiuos a cantazos e escorregounos. Os cantos de pedra cubriron o nacente do Miño derramados monte abaixo: velai o Pedregal de Irimia.

O 16 de setembro do ano 1978, un milleiro de persoas subía cara ao Pedregal de Irimia, vixiados ben de cerca pola Garda Civil. Viñan de parroquias de toda Galiza. Xentes labregas, mariñeiras, obreiras, estudantes... acompañados de párrocos, frades e monxas sen hábitos nin sotanas. Aló enriba, onda as fontes do Miño comezaron unha celebración inédita, que tiña moito de recendo a Prisciliano. Dunha en unha e acollendo aquelas augas virxes na cunca das mans fixeron un novo e orixinal bautismo de compromiso mentres proclaman: "Eu renazo galego". Acompañaba o rito e a celebración a música potente de Fuxan os Ventos, e unha anovada meiga representaba á vella Galiza que seguía a loitar contra os xuros inxustos que de novo querían cobrar os monxes, insensibles representantes da dominación.

Pepe Chao Rego, impulsor e creador do evento, quixo ver na Meiga de Irimia a representación de Galiza, asoballada por séculos, pero resistente. En pe, sobre os montes, defendendo a cultura propia, a lingua, e unha fe liberadora. Defendéndose dos usurpadores e colonizadores a cantazos de esperanza, loita, orgullo e compromiso.

Así foi aquela aventura: a I Romaxe de Crentes Galegos. No 2014 celebrouse a XXXVII Romaxe nas Virtudes (Frades); 37 anos ininterrompidos e itinerante por todos os recunchos do país, especialmente onde houbo conflitos e cacicadas.

LOITA E SERVIZO

Un daqueles primeiros romeiros foi o amigo e irmán Francisco Carballo, frade paúl, daquela residente en Vigo. El mesmo deixou testemuño daquela experiencia: "Paréceme un momento histórico o que vivimos na andadura da Igrexa galega. Non teño coñecida outra xeira igual ca ésta de decisión e busca cristián afervoadá. A romaxe de Meira e os proxectos en perspectiva teñen a máxima importancia na consolidación dun camiño da Igrexa fiel a Xesús e capaz de liberar aos humillados. Pra min foi o acto máis decisivo de todos que teño visto na vida en relación a vivir, a proclamar e a proxectar o senso dun seguimento de Xesús de Nazaret" (*Encrucillada*, nº 10, 1978)

Eran os anos da Teoloxía da Liberación en América, da Misa Campesiña nicaraguana, daquel clamor dos pobos e das xentes fronte o imperialismo abafante. Tamén predeu este espírito en Galiza no seo dunha marea de crentes que

Paco Carballo no nacente de Irimia

buscaban a liberación dunha terra humillada por séculos. A Meiga era tamén a alternativa dun cristianismo de loita e de servizo fronte a unha igrexa –os monxes da lenda– cómplice dos poderes que esganaban o país. Unha igrexa de asemblea e corazón, fronte a unha igrexa de cultos e ritos, de impostos e foros, de medos e chantaxe coa eternidade.

A Romaxe de Meira veu precedida dos chamados "Cruceiros", asembleas de cregos, relixiosos e leigos onde, cun espírito novo e revolucionario, se apostase por un camiño de compromiso coa realidade de Galiza e onde Paco Carballo participou activamente. Nacerán tamén a Asociación Irimia e a Revista *Irimia*. Carballo asesorou e impulsou desde a súa experiencia en *A Nosa Terra* a aparición do primeiro número de *Irimia* (1981). Dende entón a revista *Irimia* chegou aos subscritores ininterrompidamente, primeiro semanal e logo quincenalmente ata hoxe: 35 anos, con case 1.000 subscricións no presente.

Paco Carballo foi un entusiasta das Romaxes, da revista *Irimia*, de canto saía daquel grupo: a Festa do Lume ou a Festa do Vento, que eran asembleas anuais sempre nun ton de formación e festa. Publicacións, manifestos, viaxes organizativas... aí estaba Carballo sempre que facía falta. Mesmo fixo de actor na Romaxe de Allariz (2001) representado un crego intransigente e morto de risa porque lle fixeran por un *alzacuellos*.

Sostiña Carballo que era imposible un proceso de liberación que non contara coa fe cristiá tan arraigada na xente, pero precisada dun proceso de depuración de medos e cadeas, e tamén dun proceso de formación que recuperara o Xesús dos evanxeos e a causa da fraternidade. Velai o empeño da súa vida, e todo o seu traballo.

Agora que asexan de novo os monxes escuros e traizoeiros, Irimia ha estar coma un daqueles cantos do Pedregal, firme fronte á nova colonización. E contando coa compañía e a memoria viva do compañeiro e irmán Paco Carballo, para resistirmos como aquela meiga vella, erguida sen medo sobre os montes da Serra.

Por Rubén Aramburu.
Asociación Irimia.